

# “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓN PARA O OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA OS POSTOS INDICADOS NO PLANO (ANEXO II).

## TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

### 1.-NATUREZA DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO

A **natureza** da relación que vinculará ao Concello e a entidade autorizada será a de uso común especial de bens de dominio público, en réxime de autorización dos postos indicados no obxecto do contrato.

O exercicio dos dereito que lle outorga a autorización non implica, en ningún caso, a transmisión por parte deste Concello de dereitos ou facultades dominicais.

#### Réxime Xurídico

.- Este Prego de Cláusulas.

.- Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

.- A Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (en adiante LPAP).

.- La Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

.- O Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, (en adiante, TRRL).

.- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais (en adiante RB)

.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP).

.- O Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (en adiante, RGLCAP), en canto non se opoña á LCSP.

.-A Ordenanza reguladora de venda ambulante do Concello de Boiro, aprobada polo Pleno da corporación en sesión ordinaria celebrada o 8 de marzo de 2007 e publicada no BOP de A Coruña nº71 de 27 de marzo de 2007.

.- As demais normas administrativas e, por último, polas normas de dereito privado.

O presente Prego forma parte integrante do contrato, xunto aos restantes documentos anexos, no seu caso disposicións complementarias ou que lle sexan aplicables. De calquera modo, en caso de discordancia entre o Prego de



Cláusulas Administrativas Particulares e calquera outro documento contractual, prevalecerán as normas contidas naquel.

O artigo 76 da Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia indica que as autorizacións concederanse en condicións non discriminatorias e o procedemento haberá de garantir a transparencia e imparcialidade e, en concreto, a publicidade axeitada de inicio, desenvolvemento e fin do proceso.

(...)

O prazo máximo das autorizacións será de 1 ano prorrogable por idénticos períodos ata un máximo de 5 anos.

De acordo co artigo 75 e 77 do RB e 92 da LPAP, outorgarase previa licitación, con arranxo á normativa reguladora da contratación das corporacións locais. Polo tanto para garantir a concorrancia, a autorización sobre o ben de dominio público, obxecto do presente prego, outorgarase en base ás normas establecidas para o procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159.6 da LCSP.

## 2.-OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente Prego é regular as condicións económico-administrativas e técnicas particulares que servirán de base para a licitación, mediante procedemento aberto simplificado segundo o artigo 159.6 da LCSP e tramitación ordinaria para a concesión administrativa da licenza dos postos reflectidos no anexo I correspondentes ao Mercadillo semanal dos martes, na forma e coas condicións que no presente prego se establece.

Os postos obxecto de autorización, que a continuación se indican, con número e dimensións, e uso segundo se indican no plano no Anexo II.

Os postos teñen as seguintes dimensións:

NÚMERO POSTO	METR OS LIÑAIS	FINALIDAD E
A07	7 m	Alimentación
A09	6 m	Alimentación
F01	6 m	Froitas e verduras
F03	4m	Froitas e verduras
C01	3 m	Complementos
C02	4 m	Complementos
C04	4 m	Complementos
T02	9 m	Textil e calzado
T15	6m	Textil e calzado
T19	8m	Textil e



T42	6m	calzado Textil	e
T43	6m	calzado Textil	e
P02	8m	Plantas	
F08	2m	Froitas verduras	e
T45	2m	Textil calzado	e

A necesidade a satisfacer mediante a celebración do presente contrato é cubrir os postos vacantes que existen na actualidade no mercado semanal e dar unha maior variedade de produtos aos cidadáns.

CPV: 15890000-3 Produtos alimenticios diversos y alimentos secos

CPV:15100000-9 Produtos de orixe animal, carne e produtos cárnicos.

CPV:03120000-8 Produtos de horticultura e viveiros

CPV:03121100-6 Plantas vivas, bulbos, raíces e esquezex

CPV:18000000-9 Prendas de vestir, calzado, artigos de viaxe e accesorios.

CPV:18939000-0 Bolsos de mano

CPV:18931100-5 Mochilas

CPV:18921000-1 Maletas

Os postos clasifícanse segundo as características dos elementos obxecto de venda:

1. Froitas e verduras, código F\*\*.
2. Textil, código T\*\*.
3. Complementos, código C\*\*.
4. Plantas/Flores, código P\*\*.
5. Alimentación, código A\*\*

### 3.-DESTINO DOS POSTOS E PRESTACIÓNS A DESENVOLVER TRAS A AUTORIZACIÓN

O uso común especial dos postos para os que se outorga a autorización realizarase segundo o presente prego, así como a obriga de destinar ao uso do posto de acordo co establecido na cláusula 2ª do presente prego.



#### 4.- HORARIO DE MONTAXE E DESMONTAXE

En aplicación do artigo 16 da Ordenanza reguladora de venda ambulante:

O horario de apertura será: 9:00 a 14:00 horas dos martes.

O martes dende as 7:00 ata as 9:00 da mañán para montar e de 14:00-15:00 para desmontaxe.

#### 5.-ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E PERFIL DO CONTRATANTE

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, pola delegación efectuada polo Sr. Alcalde mediante a resolución de Alcaldía número 956/2023 de 20 de xullo de 2023, publicado no BOP número 143 do 28 de xullo de 2023, competencia alcaldía pola DA 2ª LCSP apartado 9, equiparamos licenza a concesión, valor da mesma non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros.

O anuncio de licitación para a adxudicación da autorización da ocupación do dominio público dos postos do mercadillo semanal, publicarase no BOP de A Coruña, na Páxina web do concello, no taboleiro de anuncios e un anuncio nun dos diarios de maior difusión da CC.AA, onde se ofrecerá información relativa á convocatoria da licitación, onde se remitirá ao sitio web e ao departamento onde se atopen os pregos de cláusulas administrativas e o resto da documentación complementaria no seu caso. A dirección de acceso [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal)

#### 6.-CANON DA AUTORIZACIÓN

O canon que serve de base á licitación da licenza do dominio público, susceptible de mellora á alza e se desembolsará dunha soa vez antes do inicio da actividade, é o seguinte:

NÚMERO POSTO	METROS	PREZO SAÍDA
A07	7 m	89,88 €
A09	6 m	77,04€
F01	6 m	77,04 €
F03	4m	56,48 €
C01	3 m	42,36€
C02	4 m	56,48 €
C04	4 m	56,48 €
T02	9 m	114,92 €
T15	6m	77,04 €
T19	8m	102,72 €



T42	6m	77,04 €
T43	6m	77,04 €
P02	8m	102,72 €
F08	2m	28,24 €
T45	2m	28,24 €

A fixación definitiva do Canon realizarase a través das ofertas dos licitadores ao amparo do regulado no artigo 24 b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Os interesados deberán formular a súas propostas con indicación do Posto que solicitan, terá que facerse constar no “modelo de proposición económica” que figura coma Anexo I ao presente prego. Sendo o orzamento base de licitación mellorable a alza polo licitadores.

O canon polo que se adxudique a autorización de ocupación de uso común especial do dominio público local abonarase do seguinte xeito: no prazo máximo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao outorgamento da licenza, a través da carta de pago que será entregada coa notificación da concesión da licenza. En caso de impago no prazo establecido a licenza deixa de ter efectos.

**TAXA POLA UTILIZACIÓN:** O anterior é sen prexuízo das cantidade mensuais esixibles a pagar polo adxudicatario en concepto de taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreos de uso público local así como industrial na rúa e ambulantes, regulada na Ordenanza Fiscal nº16, a través da incorporacións dos adxudicatarios ao padrón trimestral que se elabora polo departamento de Tesourería.

## **7.-DURACIÓN DA AUTORIZACIÓN**

De conformidade co disposto no art 5 da Ordenanza municipal de venda ambulante, A autorización terá inicialmente un período de vixencia dun ano natural, caducando polo tanto o 31 de decembro. Tratándose de autorizacións concedidas durante o ano ao que se refiran, a súa vixencia abarcará dende a data de concesión ata o final do ano natural.

Non obstante, rematado o periodo inicial de vixencia, a autorización entenderase renovada automaticamente, previo pago das taxas correspondentes, agás que o interesado comunique expresamente e por escrito a súa vontade de non proceder a dita renovación, cunha anterioridade mínima de 30 días á data de remate do ano correspondente. En calquera caso, a duración da autorización e das súas correspondentes prórrogas non poderá superar os 5 anos. Transcurrido este prazo, a autorización quedará automaticamente caducada, debendo o interesado proceder, de ser o caso, a formular nova solicitude.



O concello poderá en todo caso impoñer a renovación obrigatoria das licenzas cando o estime oportuno para o interese colectivo.

## 8.-NOTIFICACIÓNS

A práctica de notificacións e comunicacións realizarase por medios electrónicos ou postais

## 9.-PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DA LICENZA

A presente autorización da ocupación do dominio público dos postos do Mercado semanal, de conformidade cos artigos 93 da LPAP, e78 e 80 do regulamento de bens, outorgarase en réxime de concorrencia e o procedemento a seguir será o determinado polo artigo 96 LPAP, con un só criterio de adxudicación, que é, o da oferta económica máis vantaxosa, en relación cos artigos 146, 159 da LCSP.

A adxudicación recaerá no licitador que, no seu conxunto, faga a proposición máis vantaxosa, entendéndose esta como a que obteña a maior puntuación unha vez aplicados os criterios de adxudicación. O criterio de adxudicación é o da oferta económica máis vantaxosa.

Criterio económico: hasta un máximo de 100 puntos, avaliados do seguinte xeito: a oferta máis alta obterá a máxima puntuación e o resto mediante a seguinte fórmula:

$$X = (B * C) / A$$

Donde:

X= puntos outorgado a oferta que se valora

A=Oferta económica máis alta

B=Oferta do Licitados a puntuar

C=puntuación máxima do criterio económico (100puntos).

## 10.-GARANTÍAS

### GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe.

### GARANTÍA DEFINITIVA

O licitador que presentara a oferta máis vantaxosa, constituirá dentro do prazo de 10 días



hábiles, a partir do seguinte ao recibo do requirimento do cumprimento dos requisitos previos, unha garantía definitiva por el importe equivalente ao 5 por cento do valor do dominio público ocupado, que segundo posto importe será:

NÚMERO POSTO	METROS	GARANTÍA
A07	7 m	151,20 €
A09	6 m	129,60 €
F01	6 m	129,60 €
F03	4m	89,76 €
C01	3 m	67,32 €
C02	4 m	89,76 €
C04	4 m	89,76 €
T02	9 m	216,00 €
T15	6m	144,00 €
T19	8m	192,00 €
T42	6m	144,00 €
T43	6m	144,00 €
P02	8m	179,52 €
F08	2m	43,20 €
T45	2m	48,00 €

Dita garantía poderá establecerse por calquera da formas previstas no artigo 108 da LCSP.

A garantía definitiva responderá dos conceptos establecidos no artigo 110 da LCSP.

Establécese un prazo de garantía de seis meses (a partir do día seguinte a finalización do prazo de concesión), efectuándose a devolución e cancelación da garantía definitiva, dentro do prazo de dous meses dende a finalización do prazo de garantía e sempre que se cumprira satisfactoriamente a ocupación do dominio público, de conformidade co artigo 111 da LCSP.

Si durante o prazo de garantía se acredítase a existencia de vicios ou defectos na prestación da concesión ou danos a terceiros ou ao propio Concello imputables a ocupación do dominio publico, o Concello terá dereito a reclamar ao contratista a rectificación dos mesmos, si fose preciso.

Rematado o prazo de garantía sen que o Concello formulara reparos ou denuncia a que se refire o parágrafo anterior, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación axeitada.

## TÍTULO II LICITACIÓN

### 11.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN



Poderán concorrer a este procedemento as persoas naturais ou xurídicas que se atopen en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, e non estean comprendidas en ningunha das circunstancias que enumera o art. 71 da LCSP. A presentación das proposicións presume por parte do solicitante a aceptación incondicionada das cláusulas deste Prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou representados por persoa autorizada mediante poder bastante, sempre que non se atope incurso nalgunha das causas que enumera o art. 60 do TRLCSP. Cando en representación dalgunha sociedade civil ou mercantil, concorra algún membro da mesma, deberá xustificar documentalmente que está facultado para elo.

Lugar: as proposicións deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Boiro (presencial ou electrónico) , ou por correo na forma que establece o art. 80.4 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, excepto por correo electrónico. Neste caso o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se o órgano de contratación recibe a proposición con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días naturais seguintes á data indicada sen que se tivera recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Prazo: 15 días naturais dende o último anuncio, ben o do BOP ou o do nun dos diarios de maior difusión da CC.AA .

Forma: A documentación presentarse nun único sobre pechado, sobre “A”. Estarán identificados no seu exterior, con indicación da licitación á que concorren e firmados polo licitador ou persoa que o represente, indicando o nome e apelidos ou razón social. No seu interior farase constar nunha folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

**SOBRE A.-** Subtitulado “DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA e PROPOSICIÓN ECONÓMICA POSTOS MERCADILLO BOIRO”: De conformidade co disposto no artigo 140 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, os licitadores deberán presentar unha declaración xurada, e que conteña unha “PROPOSICIÓN ECONÓMICA POSTOS MERCADILLO BOIRO”, segundo o modelo do ANEXO I.

Sendo o prezo mínimo de:

NÚMERO POSTO	METROS LIÑAIS	PREZO SAÍDA
A07	7 m	89,88 €
A09	6 m	77,04 €
F01	6 m	77,04 €
F03	4 m	56,48 €
C01	3 m	42,36 €





C02	4 m	56,48 €
C04	4 m	56,48 €
T02	9 m	114,92 €
T15	6m	77,04 €
T19	8m	102,72 €
T42	6m	77,04 €
T43	6m	77,04 €
P02	8m	102,72 €
F08	2m	28,24 €
T45	2m	28,24 €

## 12.-APERTURA DE PROPOSICIÓNS E RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN

O terceiro día hábil seguinte ó de remate do prazo de presentación de ofertas, na Casa do Concello, constituirase a Mesa de contratación, integrada:

- Presidente: Alcalde do concello.
- vogais: Tesoureira, Interventora, Secretario,
- Secretario da mesa: un funcionario/a do concello.

Os compoñentes da mesa procederán, nun primeiro momento, a cualificación da documentación presentada no Sobre A. Se observasen defectos materiais na documentación presentada, concederáselle o interesado un máximo de tres días para a súa subsanación. Se a documentación é correcta, procederase a valorar as ofertas presentadas de acordo co disposto na cláusula 8 deste prego e procederase á clasificación dos licitantes en función da puntuación acadada en orde decrecente, concretando expresamente cal será a proposición máis vantaxosa.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

## 13.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA OBTER A ADXUDICACIÓN.

Unha vez levada a cabo a apertura do sobre coa documentación, e feita a valoración pola Mesa de contratación, o órgano de contratación requirirá aos licitadores que teñan as proposicións máis vantaxosas por cada posto ofertado, para que no prazo de dez días hábiles presente no rexistro xeral do concello a seguinte documentación:



- Acreditativa de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade social.
- Resgardo de ter constituído a garantía definitiva.
- Alta no réxime correspondente da Seguridade Social e no seu caso, no IAE no epígrafe correspondente.
- Acreditación da personalidade do licitador, mediante fotocopia compulsada do DNI da persoa que firme a proposición.
- As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que firma a solicitude de autorización en representación da empresa.
- Poder a favor do representante do licitador.
- Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración que sinala o art. 71 do LCSP.
- Acreditación da solvencia económica e técnica, deberá xustificar polos seguintes medios: xustificante da existencia dun seguro de indemnizacións por riscos profesionais. 150.000€
- Dispor dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratare de persoas estranxeiras.
- *Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.*

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

No prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación sinalada o órgano de contratación levará a cabo a adxudicación do contrato.

#### **14.- ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN PARA A COLOCACIÓN DUN POSTO NO MERCADILLO MUNICIPAL DO CONCELLO DE BOIRO**

**Prazo:** a vista da proposta da Mesa, e unha vez presentada a documentación detalla no presente prego de cláusulas administrativas, o órgano competente adxudicará a autorización no prazo máximo de 10 días hábiles seguintes á recepción da documentación.

**Contido:** A adxudicación deberá ser motivada e axustarse as determinacións establecidas no prego.

**Notificación e publicacións:** A adxudicación da autorización será notificada ben electrónicamente, ben por correo postal. Ademais será publicada no BOP, Páxina web do concello, no taboleiro de anuncios.

Cando non proceda a adxudicación da autorización ao licitador ou candidato que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello, por non cumprir as condicións e requisitos da instalación eventual necesarias para elo, o Concello, de conformidade co establecido nos artigo 150 e 151 da LCSP, procederá a solicitar a documentación precisa ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

No caso que que a autorización quedase deserta porque ningún licitador puxara por ela ou por calquera



outra causa imputable ao adxudicatario, o posto ofrecerase a aquel licitador, que presentara oferta para un posto que se atope dentro da categoría do posto que quedase libre ( LOTE 1.-Froitas e verduras; LOTE 2.-Textil; LOTE 3.-Complementos; LOTE 4.-Plantas, arbores, LOTE 5.-Alimentación), e que presentándose ao procedemento non resultara adxudicatario do posto ao que se presentou . No caso de estar interesado terá o prazo de 10 días para ingresar o canon proposto así como presentar a documentación esixida na cláusula 13.

## 15.-LISTAXE DE AGARDA

Aqueles licitadores que presentándose ao procedemento, e cumprindo os requisitos, quedasen sen autorización por existir mellores ofertas, quedaran nunha lista, que será ordenada en función da oferta presentada, para no caso que quedasen novos postos libres nas categorías as que presentasen a oferta, podan ser propostos para autorizar a súa ocupación. Neste caso, o Concello poñerase en contacto telefónico, realizaranse dous intentos, e ofrecerelles o posto, no caso de querer ocupalo terán un prazo de 10 días hábiles para ingresar o canon proposto, e presentar a documentación esixida na cláusula 13.

A vixencia desta listaxe de agarda será de 5 anos a contar dende a adxudicación dos postos vacantes que constan no plano do anexo II. Salvo que a mesma quedase valeira porque ,ou ben se adxudicase un posto a todos os participantes ou renunciases a mesma. No caso que se producira tal circunstancia obrigará a sacar unha nova licitación para adxudicar novos postos vacantes.

## 16.- FORMALIZACIÓN DA AUTORIZACIÓN

O contrato formalizarase mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, sempre que fomalicen o pago do canon que outorga o dereito a licenza, e que foi ofertado polo licitador para conseguir o posto.

## 17.- DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Son as que veñen recollidas no Regulamento de venda ambulante do Concello de Boiro, aprobada polo Pleno da corporación en sesión ordinaria celebrada o 8 de marzo de 2007 e publicada no BOP de A Coruña nº71 de 27 de marzo de 2007.

## 21.-FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

### A) HORARIO:

O mercadillo estará aberto tódolos martes do ano (agás festivos) de 09:00 a 14:00 horas.

### B) ELEMENTOS PERSOAIS E MATERIAIS:

En aplicación do artigo 77 da Lei de comercio interior de Galicia, os adxudicatarios deberán ter exposto de forma facilmente visible e lexible para o público o documento entregado polo concello



onde conste a autorización municipal, os seus datos persoais e a dirección para a recepción de posibles reclamacións.

O persoal empregado será de conta e cargo do adxudicatario, debendo facerse cargo de tódolos gastos de Seguridade Social.

- Materiais que debe aportar o autorizado:

O autorizado obrígase a aportar o material que estime necesario para a prestación do servizo. Dito material terá que ser de primeira calidade e contar coa autorización do Concello, non podendo utilizarse pezas deterioradas.

O autorizado comprométese a manter en perfecto estado o local e instalacións, debendo manter en todo momento a instalación en condicións de escurpulosa limpeza e ornato, tanto exterior como interiormente. Correran do seu cargo as reparacións ou reposición derivadas do uso normal.

- Os elementos fixos sobre os bens municipais instalados polo autorizado reverterán ao Concello ó termino da concesión.

## 22-INFRACCIÓNS

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves e serán as recollidas nos arts 29 e ss da ordenanza municipal de venda ambulante do concello de Boiro.

Con independencia da sanción, cando se produzan danos ó dominio ou ás instalacións, e non sexan como consecuencia por casos fortuítos ou de forza maior, a Administración poderá esixir a restauración dos elementos danados.

## 23.- SANCIONES

Son as recollidas na ordenanza de venda ambulante do concello de Boiro.

Corresponde imposición das infraccións ó Alcalde nos termos do artigo 31 da ordenanza citada.

A imposición de sancións por falta leve requirirá expediente sumario no que deberá ser escoitado o infractor. As infraccións por falta grave ou moi grave sancionaranse con arranxo a o procedemento regulado no Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Para a percepción das sancións poderase utilizar a vía de constrinximento.

A apertura do expediente sancionador non eximirá ao autorizado da obriga de cumprir o contrato, podendo ser requirido para o cumprimento da obrigación obxecto do mesmo, xunto coa incoación do expediente sancionador, así como a adopción de medidas cautelares dirixidas a asegurar o cumprimento do contrato en todos os seus termos.

## 24.-PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

Dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados ns LCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpreta-los contratos administrativos, resolve-las dúbidas que ofrezca o seu



cumprimento, modificalos por razóns de interese publico, acordar a súa resolución e determina-los efectos desta. Os acordos correspondentes poñerán fin á vía administrativa.

En Boiro, na data que figura ao marxe do documento

O Concelleiro delegado,

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE



## ANEXO I

### DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA ECONÓMICA

"D./D<sup>a</sup> ..... D.N.I. nº ..... domicilio en .....  
código postal.....en nome e representación de ..... teléfono .  
..... coñecedor da licitación do contrato denominado **“ADXUDICACIÓN DAS  
AUTORIZACIÓN PARA O OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA OS  
POSTOS INDICADOS NO PLANO (ANEXO II)”** e dos pregos de condicións que o regulan,  
**DECLARO:**

1º) Que cumpro as condicións establecidas para contratar coa administración de conformidade co exposto no art. 65 e 159.4 c/ da LCSP; comprometéndome no seu caso a acreditarlo ante o órgano de contratación, a requirimento do concello.

2º) Que cumpro cos requisitos de solvencia económica e financeira e técnica e profesional exixidos. Que o seu obxecto social comprende o desenvolvemento de todas as actividades que constitúen o obxecto do contrato ao que concorre e que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.

3º) Que non incorre en ningunha das causas as que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio de alto cargo da Administración Xeral do Estado, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

4º) Que eu ou a entidade a que represento atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica, de non ter débedas co Concello de Boiro de ser o caso, ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social e en calquera das situacións previstas na normativa en relación co imposto de actividades económicas nos termos establecidos nas disposicións vixentes.

5º) Coñezo e acepto de xeito incondicional cantas obrigas se derivan do PCAP deste contrato.

6º) Que dispoño dos medios materiais e/ou persoais para a realización do obxecto do contrato

7º) Declaro estar dado de alta no IAE no epígrafe correspondente e estar ao corrente no seu pagamento.

8º) No caso de empresas estranxeiras: Que acepto expresamente o sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois para resolver todas as incidencias que poidan xurdir con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidera corresponder.

9º) Presento oferta para:

NUMERO POSTO	METROS LIÑAIS	OFERTA

10º) No caso de ter realizado a mellor oferta, autorizo ao Concello de Boiro a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das miñas obrigas tributarias co Estado, coa administración autonómica e coa Seguridade Social para



os efectos deste procedemento de contratación, de acordo co establecido na Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación.

*O LICITADOR*

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

